



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa aos insultos racistas contra os galegos emitidos por unha deputada do Congreso dos Deputados.

O martes 23 de febreiro (si, 23-F), aproximadamente ás 22.15 horas, desenvolveuse unha entrevista na Canle televisiva CNN+ á deputada no Congreso dos Deputados pola formación Unión, Progreso y Democracia (UPyD), Rosa Díaz. Cando o entrevistador –Iñaki Gabilondo- lle reclamaba respostas concisas á súa opinión sobre diversos persoeiros, encontrámonos con respostas racistas, impropias de calquera persoa, moita máis se ostenta un cargo de responsabilidade pública, e é entrevistada por ese mesmo motivo.


Así, cando lle preguntan a súa opinión sobre Rodríguez Zapatero, afirma esta deputada, literalmente:

*“Podría ser gallego, en el sentido más peyorativo del término”.*

En relación coa opinión que lle suxire Mariano Rajoy, a resposta é:

*“Es gallego”.*

Obviamente, calquera persoa é libre para emitir opinións, e facelas públicas, sobre persoeiros públicos. E lexitimamente críticas, mesmo hipercríticas, con toda a



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

contundencia que se queira. Agora ben, utilizar o nome de Galiza ou dos galegos como insulto, só pode ser cualificado como acto racista e xenófobo. Por certo, tampouco o entrevistador matizou nin realizou observación algunha diante deste despropósito.

O tópico absurdo (e intencionado) convérteo a deputada Rosa Díaz en insulto. Actitudes deste tipo non son novas, mais cando quen as reproduce é un cargo público (que por certo obtén as súas retribucións tamén dos impostos dos galegos), adquire unha gravidade extrema, e cría un caldo de cultivo propicio para amparar e oficializar o desprezo, a humillación e a caricatura de Galiza e do pobo galego.


Inxurias colectivas e improprios aos galegos como os lanzados por Rosa Díaz inhabilitana politicamente para a actividade institucional na Galiza ou referida a Galiza. Mais cumpre tamén parar dunha vez por todas aldraxes como esta. Para evitar a propagación de tópicos absurdos sobre nós fóra de Galiza, máis tamén para defender a autoestima e a nosa dignidade colectiva.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.<sup>a</sup>) Que avaliación realiza o Goberno galego dos feitos denunciados?
- 2.<sup>a</sup>) Que medidas se adoptarán por este motivo?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/02/2010 18:09**  
**Nº Rexistro: 25300**  
Data envío: 24/02/2010 18:09:31.815

Deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 24/02/2010 18:03:15**